

DOMINGO 25 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Am 8, 4-7

Contra aqueles que teñen sometidos polo diñeiro aos necesitados

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE AMÓS

Escoitade isto, vós que asoballades o pobre
e exterminades a xente humilde do país;
vós que dicides:
"cando pasará o festivo da lúa nova para vendermos o trigo
e o sábado para fornecer o gran
traficando ata co salvado,
para mermar a medida,
aumentar o prezo
e defraudar con balanza falsa,
para mercarmos por diñeiro o mendigo
e o pobre pola débeda dun par de sandalias?"
Xura Iavé pola soberbia de Xacobe:
"Endexamais non esqueceréi os seus delitos.

SALMO RESPONSORIAL Sal 112, 1-2. 4-6. 7-8

R/ (cf 1a e 7b): Louvade ao Señor, que levanta os pobres

Ou: Aleluia.

Louvade, servidores do Señor,
louvade o nome do Señor.
Bendito sexa o nome do Señor,
agora e por sempre.

Excelso sobre as xentes é o Señor,
sobre o ceo a súa gloria.
Quen coma o Señor, noso Deus,
que habita nas alturas
e que baixa para coidar
do ceo e máis da terra?

El ergue do po os indixentes,
levanta os pobres do esterco,
para lles dar asento cos nobres,
cos nobres do seu pobo.

SEGUNDA 1 Tim 2, 1-8

Fáganse oracións por todos os homes a Deus, que quere que todos os homes se salven

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO A TIMOTEO

Benquerido irmán:

Recomendo primeiro de todo que se fagan peticións, oracións, súplicas, accións de grazas en favor de todos os homes, polos reis e por todos os que ocupan altos cargos, para que poidamos ter unha vida calma e serea baseada no pleno respecto mutuo e na decencia. Isto é fermoso e grato a Deus noso Salvador. El quere que todos os homes se salven e cheguen ao coñecemento da verdade.

Porque hai un único Deus e un único mediador entre Deus e os homes: o home Cristo Xesús, que se entregou coma rescate por todos. Tal é o testemuño dado no tempo oportuno. A min fíxome o seu pregoeiro e apóstolo -digo a verdade e non minto-, mestre dos xentís na fe e na verdade.

Por iso quero que en todos os sitios recen os homes levantando as mans limpas, sen ira nin discusións.

DOMINGO 25 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 16, 1-13 (longa)

Non podeades servir a Deus e á riqueza

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos:

- Dunha vez había un home rico que tiña un administrador, do que lle foron contar que estaba a lle acabar cos bens. Chamou por el e díxolle: "Que é iso que sinto falar de ti? Dáme conta da túa administración, que quedas despedido".

O administrador púxose a cavilar: "E agora que vou facer, que quedo sen traballo? Cavar, non podo; e botarme a pedir, dáme vergonza. ¡Ora! ¡Xa sei o que vou facer para que cando me despidan haxa quen me acolla na súa casa!".

Vaise, e chama por cada un dos debedores do seu amo e pregúntalle ao primeiro: "Ti canto lle debes ao meu amo?". El respondeulle: "Débolle cen bocois de aceite". El díxolle: "Pois colle o teu recibo e escribe axiña cincuenta".

Despois preguntoulle ao segundo: "Ti canto debes?". Respondeulle: "Debo cen ferrados de trigo". Díxolle el: "Pois colle o teu recibo e escribe oitenta".

O amo louvou a aquel administrador inxusto pola renartería con que actuara, pois os fillos deste mundo son máis asisados nas cousas deles que os fillos da luz.

Por iso eu avísovos:

- Facede amigos coas riquezas inxustas, para que cando vos falten, vos acollan nas moradas eternas. Quen é fiel no pouco, tamén será fiel no moito; e quen é inxusto no pouco, tamén será inxusto no moito. Pois, se coa riqueza inxusta non sodes fieis, quen vos vai confiar a verdadeira? E se no alleo nos sodes fieis, quen vos vai confiar o voso? Ningún criado pode servir a dous amos, porque ou lle ten xenreira a un e ama o outro; ou ben atende a un e menospreza o outro. Non podeades servir a Deus e mailo diñeiro.

DOMINGO 25 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 16, 10-13 (máis breve)

Non podeades servir a Deus e á riqueza

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos:

Quen é fiel no pouco, tamén será fiel no moito; e quen é inxusto no pouco, tamén será inxusto no moito. Pois, se coa riqueza inxusta non sodes fieis, quen vos vai confiar a verdadeira? E se no alleo nos sodes fieis, quen vos vai confiar o voso? Ningún criado pode servir a dous amos, porque ou lle ten xenreira a un e ama o outro; ou ben atende a un e menospreza o outro. Non podeades servir a Deus e mailo diñeiro.